

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE LUGO POLO QUE SE FORMALIZA A COLABORACIÓN PARA O EXERCICIO DE DETERMINADAS ACCIÓNS (VIXILANCIA, DISCIPLINA, DENUNCIA E SANCIÓN) EN MATERIA DE TRÁFICO E SEGURIDADE VIARIA.

REUNIDOS

D. **Román Rodríguez González**, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en virtude do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

D. **Miguel Fernández Méndez**, alcalde do concello de Lugo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As partes comparecentes, que actúan en razón dos seus respectivos cargos, se recoñecen mutua e reciprocamente capacidade legal necesaria para a formalización do presente convenio de colaboración e a tal efecto,

EXPOÑEN

I. A SEGURIDADE VIARIA URBANA: UNHA COMPETENCIA COMPARTIDA. A competencia administrativa en materia de circulación viaria corresponde e é exercida, segundo a súa atribución e ámbito territorial, pola Administración Xeral de Estado, pola das Comunidades e polos Municipios.

O artigo 149.1.21 da nosa Carta Magna establece como competencia exclusiva do Estado: "ferrocarrís e transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha Comunidade Autónoma; réxime xeral de comunicacións; tráfico e circulación de vehículos de motor; correos e telecomunicacións; cables aéreos, submarinos e radiocomunicación". Hai Comunidades Autónomas (Cataluña e País Vasco) que teñen transferidas competencias executivas en materia de tráfico; Navarra, en virtude da súa orixe foral, mantén competencias sobre vixilancia da circulación viaria e denuncia das infraccións. Noutras materias directamente relacionadas coa seguridade viaria, como poden ser estradas, transportes, sanidade, industria etc., as



Comunidades Autónomas asumiron, todas, importantes competencias que lles foron transferidas.

Os Municipios, doutra banda, son os eixos fundamentais no marco da planificación e execución da seguridade viaria urbana. A súa responsabilidade e competencia comprende os seguintes ámbitos: 1) Conservación e mellora das vías da súa titularidade, a súa sinalización e implantación de sistemas centralizados de control de tráfico. 2) Xestión e fomento do transporte público de persoas que non pasen o termo municipal. 3) O artigo 25 da Lei Reguladora das Bases del Réxime Local establece así mesmo que os municipios exercerán competencias en materia de ordenación do tráfico de vehículos e persoas en vías urbanas.

Estas competencias son propias e foron concretadas polo Texto Refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade Viaria (en diante LTSV) no seu artigo 7, que reflicte como competencia municipal a regulación, ordenación, xestión, vixilancia e disciplina, por medio de axentes propios, do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, así como a denuncia das infraccións que se cometan en ditas vías e a sanción das mesmas cando non estea expresamente atribuída a outra Administración.

O artigo 5 do mesmo texto legal, reflicte como competencia do Ministerio do Interior a vixilancia e disciplina do tráfico en toda clase de vías interurbanas e en travesías cando non exista policía local, así como a denuncia e sanción das infraccións ás normas de circulación e de seguridade en ditas vías.

O mesmo artigo comeza aclarando que ditas competencias o son sen prexuízo das que teñan asumidas as comunidades autónomas, sen que, ata o momento, a Comunidade Autónoma de Galicia, teña asignada competencia algunha en materia de vixilancia e sanción en seguridade viaria.

No artigo 84 da citada norma preceptúa que a sanción por infraccións a normas de circulación cometidas en vías urbanas corresponderá aos respectivos Alcaldes, os cales poderán delegar esta competencia de acordo coa normativa aplicable. Quedan excluídas da competencia sancionadora municipal as infraccións aos preceptos do título IV, incluíndo as relativas ás condicións técnicas dos vehículos e ao seguro obrigatorio.

Queda claro que é competencia municipal a vixilancia, disciplina e denuncia de infraccións de tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, así coma a instrución e resolución do procedemento sancionador nas mesmas vías; sendo asignadas ditas competencias ao Ministerio del Interior no caso das vías interurbanas e en travesías cando no exista Policía Local.



Existe, polo tanto, un baleiro legal sobre a competencia sobre ditas funcións naquelas vías os espazos situados no centro urbano que non son de titularidade municipal e que poidan atoparse abertos ao uso público, de forma temporal ou permanente, entrando no ámbito de aplicación da normativa de seguridade viaria, en base ao disposto no artigo 2 da LTSV e o seu desenvolvemento regulamentario.

II- As Administracións asinantes están interesadas en dar seguridade xurídica a situacións competenciais á hora de intervir nos espazos concretos de titularidade pública autonómica que se estipulan nas cláusulas do presente convenio de colaboración.

III.- O artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, define os convenios, establecendo que **"Artigo 47. Definición e tipos de convenios.**

1. *Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados o dependentes o as Universidades públicas entre si o con suxeitos de dereito privado para un fin común."*

Os convenios entre administracións públicas constitúen un elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establece o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Tendo en conta que o convenio configúrase como unha relación xurídica voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns ás entidades, tanto pola causa, como polos fins e o seu ámbito, e entendendo que a colaboración contribúe eficazmente a a satisfacción dun fin público compartido, régúlase o presente convenio conforme ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.– O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración e coordinación das competencias do Concello de Lugo e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, para o exercicio de determinadas accións en materia de tráfico e seguridade viaria nos espazos de titularidade autonómica destinados á zona de estacionamento correspondentes ao IES Nosa Señora dos Ollos Grandes, e IES Lucus Augusti, que se porán a disposición dos cidadáns fóra do horario lectivo, aos efectos de paliar a falta de aparcamento na zona, acordando que a vixilancia, disciplina e denuncia das infraccións cometidas nos ámbitos mencionados, será exercida polo Excmo. Concello de Lugo, a través da súa



Policía Local; e a competencia sancionadora corresponderá á Autoridade Municipal, excepto as infraccións aos preceptos del título IV da LTSV, incluíndo as relativas ás condicións técnicas dos vehículos e ao seguro obrigatorio.

SEGUNDA.- O presente convenio non supón cesión algunha de titularidade da superficie non existindo obrigas ou compromisos económicos entre as partes, manténdose, polo tanto, a competencia da administración titular sobre a xestión e ordenación de dichos espazos.

TERCEIRA.- O presente convenio terá unha duración de catro anos desde o momento da súa sinatura. Con todo, poderá darse por finalizado por calquera das causas establecidas na cláusula quinta. En calquera momento antes da finalización prevista, as partes poderán acordar por unanimidade a súa prórroga por un período adicional de ata catro anos.

CUARTA.- As cuestións relativas ao seguimento, vixilancia e control da execución do presente Convenio levarase a cabo por unha Comisión de Seguimento que estará formada por dous persoas en representación de cada unha das entidades asinantes do presente Convenio.

Durante a vixencia do Convenio e a proposta de calquera das partes, a comisión reunirase sempre que o requira a boa marcha das actuacións.

QUINTA.- O Convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte que incumpra un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do Convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de



resolución e entenderase resolto o convenio. As partes que interveñen exclúen, expresamente, a posibilidade de indemnización algunha entre elas.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas no convenio o noutras leis.

SEXTA.- O presente Convenio ten natureza administrativa, conforme ó disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, non tendo por obxecto prestacións propias dos contratos.

SÉTIMA.- Este Convenio, unha vez formalizado, será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e a súa sinatura suporá o consentimento expreso das partes asinantes a incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, así como o resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade, asinan o presente documento dixitalmente.

O conselleiro

Román Rodríguez González

O alcalde

Miguel Fernández Méndez

